

RESOLUCIÓN DE SUBVENCÍONS PARA A COMERCIALIZACIÓN E DIFUSIÓN DE PROXECTOS E OBRAS AUDIOVISUAIS E VIDEOXOGOS EN FOROS DE NEGOCIO ESPECIALIZADOS E EVENTOS DE CINE, CONVOCADAS PARA O 2023

A Resolución do 21 de decembro de 2022 pola que se aproban as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a comercialización e difusión de proxectos e obras audiovisuais e videoxogos en foros de negocio especializados e eventos de cine, e se convocan para o ano 2023, establece, na súa cláusula décimo terceira, que na concesión das subvencións seguirase un procedemento abreviado en que o informe e a proposta de resolución serán efectuados nun único acto pola Dirección da Axencia, elevándoos á Presidencia da Agadic para a súa aprobación posterior, consonte o procedemento previsto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes de subvencións nestas modalidades examinaranse, e serán outorgadas, sempre que cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria.

Esta resolución foi modificada pola Resolución do 15 de febreiro de 2023 (DOG núm. 36, do 21 de febreiro de 2023).

Examinada a proposta de resolución do director da Agadic do 23 de maio de 2023 relativa ás solicitudes presentadas na Agadic ata o 11 de maio de 2023 na modalidade A, e de conformidade con ela,

RESOLVO

A adxudicación de subvención ás seguintes solicitudes, por cumprir cos requisitos e os límites establecidos pola convocatoria, polas contías que se detallan:

Exp	Mod	Solicitante	Proxecto	Foro/Evento	Adxudicado
12	A	Cósmica Producións, S.L.	Cinemart - Rotterdam 2023	Cinemart-Rotterdam 2023 (Holanda)	421,49
13	A	Cósmica Producións, S.L.	European Film Market - Berlín 2023	European Film Market-Berlín 2023 (Alemaña)	834,94
14	A	Zuzu Cinema, S.L.	Berlinale - EFM	European Film Market-Berlín 2023 (Alemaña)	294,00
24	A	Abano Producións, S.L.	MAFIZ - Málaga Festival Industry Zone	Mafiz-Festival de Málaga	84,00
25	A	Matriuska Producciones, S.L.	European Film Market-Berlín 2023	European Film Market-Berlín 2023 (Alemaña)	1300,00
26	A	Artyc Content, S.L.	Mafiz - Festival de Málaga 2023	Mafiz-Festival de Málaga	312,17



Exp	Mod	Solicitante	Proxecto	Foro/Evento	Adxudicado
27	A	Noveolas Producciones, S.L.	European Film Market Berlín (Alemaña)	European Film Market-Berlín 2023 (Alemaña)	641,51
28	A	Ficción Producciones, S.L.	Marché du Film-Cannes 2023 (Francia)	Marché du Film-Cannes 2023 (Francia)	1184,91

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consello Reitor da Agadic, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 46 da Lei 29/1998 do 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso administrativa).

Esta resolución notificaráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas

O presidente do Consello Reitor da Agadic

Román Rodríguez González

